

Xornadas de Toponimia no ensino

Achegamento, posta en valor e aproveitamento dos nomes de lugar como recurso educativo e ferramenta de dinamización lingüística nas diferentes etapas do ensino



Pazo da Peregrina

Bertamirás. Ames

18, 19 e 30 de setembro de 2019

Das 16.30 h ás 20.30 h

Presentación

A toponimia conforma un patrimonio compartido de enorme riqueza que se foi construíndo na lingua propia da xente que habitaba este territorio, un patrimonio que está na base da nosa identidade colectiva como galegas e galegos.

Con estas xornadas pretendemos achegarlle ao profesorado este ben colectivo, poñelo en valor e aprobeitalo como ferramenta de normalización lingüística e como recurso educativo para diferentes áreas.

Agardamos que sexan o punto de partida para proxectos colaborativos que, partindo do ámbito educativo, impliquen a sociedade no proceso de normalización lingüística.

Obxectivos

- Dar a coñecer a riqueza da toponimia amesá para contribuír ao recoñecemento do seu valor como patrimonio inmaterial e sinal de identidade colectiva e de identificación co territorio.
- Achegar o profesorado asistente aos conceptos básicos de toponimia (orixe dos nomes de lugar, clasificación, recollida, usos...).
- Coñecer ferramentas e recursos bibliográficos e tecnolóxicos para traballar cos nomes de lugar.
- Achegarse ás diferentes aplicacións didácticas que pode ter a toponimia, especialmente relevantes en áreas como coñecemento do medio, historia, TIC, educación física, lingua...
- Coñecer, deseñar e poñer en común proxectos colaborativos para traballar coa toponimia nos diferentes niveis e áreas de ensino incidindo na conservación e transmisión do patrimonio.
- Fomentar a través da toponimia a implicación social da comunidade amesá no proceso de normalización lingüística.

Contidos

- Conceptos básicos de toponimia (orixe dos nomes de lugar, clasificación, recollida, usos...)
- Divulgación da toponimia amesá
- Recursos bibliográficos e tecnolóxicos para traballar cos nomes de lugar
- Aplicacións didácticas da toponimia en áreas como coñecemento do medio, historia, TIC, educación física, lingua...
- Utilidades da toponimia como ferramenta de normalización lingüística
- Propostas para traballar coa toponimia en educación infantil, primaria, secundaria e bacharelato

Metodoloxía

Alén da base teórica das diversas intervencións, as xornadas serán fundamentalmente prácticas. Nelas daranse a coñecer propostas para traballar coa toponimia desde diferentes áreas e niveis co obxectivo de que xurdan proxectos colaborativos que impliquen e estimulen a comunidade amesá no proceso de normalización lingüística.

PROGRAMA

Mércores, 18 de setembro

16.30 PRESENTACIÓN

- Representante da Secretaría Xeral de Política Lingüística
- Representante do Concello de Ames

16.45 Procedementos e recursos dixitais para traballar cos nomes de lugar. Aplicacións didácticas da toponimia como ferramenta normalizadora da nosa lingua VICENTE FEIJOO ARES (RAG)

18.00 Por que se chaman así os sitios? Unha introdución breve á toponimia e ao estudo (non só lingüístico) dos nomes de lugar e ao seu aproveitamento no ensino LUZ MÉNDEZ FERNÁNDEZ (RAG)

18.45 – 19.15 h DESCANSO

19.15 Achegamento á toponimia de Ames. A posta en valor deste patrimonio compartido XOSÉ RAMÓN LÓPEZ BOULLÓN (Membro de AGOn)

Xoves, 19 de setembro

16.30 Coñecendo a contorna e o seu patrimonio da man da toponimia. O proxecto Vedra Medra XULIA MARQUÉS VALEA (CPI Vedra)

17.10 Rúas con nomes de árbores, proposta para traballar cos nomes de lugar en educación infantil ÁNGELES ABELLEIRA BARDANCA (EEI do Milladoiro) E ISABEL ABELLEIRA BARDANCA (CEIP A Maía)

17.50 Toponimia de Rianxo. Un proxecto para a normalización da lingua. Proposta para traballar coa toponimia en educación secundaria e/ou bacharelato desenvolvida no IES Félix Muriel de Rianxo desde o ano 2002 ata o 2016 VALENTINA FORMOSO GOSENDE (IES do Milladoiro)

18.30 – 18.50 h DESCANSO

18.50 Paisaxe lendaria e toponímica. Presentación do traballo realizado polo alumnado do IES Pintor Colmeiro arredor da paisaxe lendaria e toponímica do Concello de Silleda (curso 2014-15), e do Mapa das Lendas da Mourindade da Comarca de Deza XOÁN CARLOS GARCÍA PORRAL (IES Pintor Colmeiro)

19.30 Mitoloxía e toponimia. Unha oportunidade de transmisión interxeracional e de conexión co territorio e a tradición oral ANA ISABEL FILGUEIRAS REI (arqueóloga do Concello de Noia)

20.10 Organización dos grupos de traballo 20.30

Luns, 30 de setembro

16.30 Presentación e posta en común dos proxectos e/ou propostas elaborados nos 20.00 grupos de traballo

20.00 Clausura das xornadas

Inscripción gratuíta

Do 2 ao 11 de setembro

Procedemento

Enviando un correo electrónico a
normalizacion@concellodeames.gal

no que figuren os seguintes datos:

- Nome e apelidos
- DNI
- Enderezo completo
- Teléfono
- Centro escolar no que traballa e materia que imparte

Destinatarios/as:

Profesorado dos centros

de ensino de Ames

40 prazas por orde de inscrición

De quedaren prazas libres, poderán
participar outras persoas interesadas

Achegarase **certificado de asistencia**
homologado pola Consellería de Educación,
Universidade e Formación Profesional (16 horas)

Organización
Concello de Ames (Servizo de Normalización Lingüística)
Xunta de Galicia (Secretaría Xeral de Política Lingüística)